

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE EDUCACIÓN, POLÍTICA SOCIAL E DEPORTE

**1599** *Real decreto 73/2009, do 30 de xaneiro, sobre as prestacións económicas da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia para o exercicio 2009.*

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (en diante Lei 39/2006), no seu artigo 14, cita as prestacións de atención á dependencia, entre as cales se atopan, nos seus números 3, 4 e 5, as distintas prestacións económicas que poden derivar da aplicación da lei. Estas prestacións económicas posteriormente veñen reguladas no artigo 17, a prestación económica vinculada ao servizo, no artigo 18, a prestación económica para coidados no ámbito familiar, e no artigo 19, a prestación económica de asistencia persoal.

O artigo 20 do citado texto legal sinala que a contía das citadas prestacións económicas a acordará o Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, para a súa aprobación posterior polo Goberno mediante real decreto.

O Real decreto 727/2007, do 8 de xuño, sobre criterios para determinar as intensidades de protección dos servizos e a contía das prestacións económicas da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (en diante Real decreto 727/2007), establece no artigo 13.1 que a contía das prestacións económicas do sistema para a autonomía e atención á dependencia a establecerá anualmente o Goberno mediante real decreto, logo de acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD), para os graos e niveis con dereito a prestacións, actualizándoo en función do incremento do índice de prezos de consumo (IPC).

En cumprimento dos anteriores mandatos, o Real decreto 7/2008, do 11 de xaneiro, sobre as prestacións económicas da Lei 39/2006, fixou no seu anexo as contías máximas das prestacións económicas por situación de dependencia en grao III, gran dependencia, niveis 1 e 2, e grao II, dependencia severa, nivel 2, para o ano 2008, segundo ano de vixencia da lei.

Polo tanto, logo de acordo de Consello Territorial de Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD), adoptado en reunión do día 22 de decembro de 2008, correspóndelle ao Goberno establecer a contía, para o ano 2009, das prestacións económicas do sistema para a autonomía e atención á dependencia para os graos e niveis con dereito a prestacións, actualizándoo, cando proceda, en función do incremento do índice de prezos de consumo (IPC).

En consecuencia, este real decreto, de acordo coas previsións legais citadas, desenvolve o disposto na disposición derradeira primeira da Lei 39/2006, na cal se establece o calendario de aplicación progresiva da lei respecto da efectividade dos dereitos ás prestacións de dependencia, que se estenderá, no exercicio 2009, a aquelas persoas que sexan ou fosen recoñecidas no grao II, dependencia severa, nivel 1, ademais daquelas persoas que sexan ou fosen recoñecidas no grao III, gran dependencia, niveis 1 e 2, e grao II, dependencia severa, nivel 2. Igualmente, procede á revalorización da contía máxima das prestacións económicas previstas na carteira de servizos e prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, permitindo o mantemento do poder adquisitivo dos beneficiarios de acordo co aumento do custo da vida.

Esta norma dítase ao abeiro da facultade conferida ao Goberno na disposición derradeira sétima e no artigo 20 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, e no artigo 13.1 do Real decreto 727/2007.

No seu proceso de elaboración, este real decreto someteuse á consulta do Comité Consultivo do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, do Consello Estatal

de Persoas Maiores, do Consello Nacional da Discapacidade e do Consello Estatal de Organizacións non Governamentais de Acción Social.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación, Política Social e Deporte, co informe do ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de xaneiro de 2009,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as contías máximas das prestacións económicas por grao e nivel previstas no capítulo II do título I da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, para o exercicio 2009, terceiro ano de vixencia da lei.

Artigo 2. *Importe máximo das prestacións económicas do grao II, dependencia severa, nivel 1.*

Cuantifícase para o exercicio 2009 o importe máximo da prestación económica vinculada ao servizo e da prestación económica para coidados no ámbito familiar e apoio a coidadores non profesionais para cada beneficiario do sistema para a autonomía e atención á dependencia, de grao II, dependencia severa, nivel 1, nas cantidades que constan no anexo a este real decreto, e iso de conformidade co contido da disposición derradeira primeira da Lei 39/2006, sobre aplicación progresiva da lei.

Artigo 3. *Importe máximo das prestacións económicas do grao III, gran dependencia, nivel 1 e 2, e grao II, dependencia severa, nivel 2.*

Procédese ao desenvolvemento das previsións contidas, en materia de revalorización das prestacións económicas do sistema para a autonomía e atención á dependencia, no Real decreto 727/2007, do 8 de xuño, sobre criterios para determinar as intensidades de protección dos servizos, e a contía das prestacións económicas da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. Para tales efectos revísanse os importes fixados no anexo do Real decreto 7/2008, do 11 de xaneiro, sobre as prestacións económicas da Lei 39/2006, en función dun incremento do IPC anual do 2,4%.

En consecuencia, para o ano 2009, as contías máximas das prestacións económicas correspondentes ao grao III, gran dependencia, niveis 1 e 2, e grao II, dependencia severa, nivel 2, serán as que se determinan no anexo deste real decreto.

Disposición adicional única. *Cotas á Seguranza Social derivadas da prestación económica para coidados no ámbito familiar.*

A cota por seguranza social, incluída a correspondente á formación profesional, que consta no anexo deste real decreto en relación coa prestación económica para coidados no ámbito familiar e apoio a coidadores non profesionais, será aboada directamente polo Instituto de Maiores e Servizos Sociais (Imsero) á Tesouraría Xeral da Seguranza Social.

O beneficiario recibirá a prestación económica na cantidade que lle corresponda segundo o seu grao e nivel.

Disposición transitoria única. *Situacións xurídicas preexistentes.*

Así mesmo, as prestacións económicas recoñecidas nos exercicios 2007 e 2008 a favor das persoas ás cales lles fose recoñecida unha situación de grao III, gran dependencia, niveis 1 e 2, e grao II, dependencia severa, nivel 2, incrementarán a contía que viñesen percibindo durante o exercicio 2008 mediante a aplicación do incremento do IPC anual do 2,4%, con efectos desde o 1 de xaneiro de 2009.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao amparo do disposto no artigo 149.1.1.<sup>a</sup>. da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habilítase o titular do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor e efectos.*

Este real decreto entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», con efectos do día 1 de xaneiro de 2009.

Dado en Madrid o 30 de xaneiro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación, Política Social e Deporte,  
MERCEDES CABRERA CALVO-SOTELO

## ANEXO

### Contías máximas das prestacións económicas por grao e nivel para o ano 2009

Graos e niveis	Prestación económica vinculada ao servizo – Euros mensuais	Prestación económica para cuidados no ámbito familiar – Euros mensuais		Prestación económica de asistencia persoal – Euros mensuais
	Contía	Contía	Cota SS+FP	Contía
Grao III nivel 2.	831,47	519,13		831,47
Grao III nivel 1.	623,60	415,73		623,60
Grao II nivel 2.	460,80	336,24	160,13 € (158,67 € + 1,46 €)	–
Grao II nivel 1.	400,00	300,00		–